

**Informe de revisión do sistema pola dirección**  
-  
**Informe de resultados anuais das titulacións do  
centro**

Data da reunión: 09/07/2020

Data de aprobación na xunta de centro: 13/07/2020

---

## *Índice de contidos*

- I. [ASPECTOS INTRODUTORIOS](#)
  - II. [DATOS E INDICADORES](#)
  - III. [ANÁLISE DE RESULTADOS DAS TITULACIÓNS DO CENTRO -  
SEGUIMENTO DAS TITULACIÓNS](#)
  - IV. [MODIFICACIÓNS NON SUSTANCIAIS DAS TITULACIÓNS](#)
  - V. [ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORAS PROPOSTAS NO\(S\)  
INFORME\(S\) ANTERIOR\(ES\)](#)
  - VI. [LISTAXE DE ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS](#)
  - VII. [CONCLUSIÓNS E ACORDOS](#)
  - VIII. [ANEXOS](#)
-

---

## I. ASPECTOS INTRODUTORIOS

### I.2. Presentación/Obxecto da reunión

O «Informe de revisión do sistema pola dirección» é un rexistro anual de calidade inserido no procedemento de revisión pola dirección (DE-03-P1). Trátase dun rexistro clave nos programas de calidade, fundamentalmente en Acreditación das Titulacións e Certificación do SIGC. Substitúe ao «Informe de Resultados Anuais do Centro» (IT01PM01). O obxecto do informe é recoller información sobre: cambios organizativos que poden afectar ó funcionamento en materia de calidade; estado da documentación de calidade; seguimento das revisións anteriores; revisión da política e obxectivos de calidade; análise dos indicadores de resultados de aprendizaxe, satisfacción e empregabilidade; análise dos resultados de validacións e auditorías internas e externas; valoración do estado de QSP (queixas, suxestións e parabéns) por parte dos grupos de interese; estado das accións correctivas e preventivas, se corresponde; e, finalmente, análise do seguimento e control da estratexia xeral do centro (Plan estratéxico), de ser o caso.

→Cf. a listaxe de participantes da reunión no [Anexo 1](#).

#### Estado da situación xeral do sistema de garantía e da xestión de calidade

O Sistema de Garantía Interna de Calidade ten como obxectivo xestionar de forma sistemática e estruturada a calidade dos centros e títulos cunha orientación cara á mellora continua.

Con data do 26 de abril de 2010, a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galiza (ACSUG) certificou que o Sistema de Garantía de Calidade da Escola Universitaria de Estudos Empresariais está implantado conforme ás directrices establecidas no Programa FIDES-AUDIT.

Con posterioridade ao proceso de certificación (3/11/2014), dende a Área de Calidade efectuouse unha renovación do Manual de Calidade na que quedou fixada unha nova codificación, redacción e estrutura, así como unha simplificación de contidos.

O día 18 de maio de 2015 en sesión ordinaria da Comisión de Calidade do Centro aprobouse unha revisión dos procedementos académicos e unha actualización do procedemento DO0101 Deseño, autorización e verificación dos títulos oficiais.

Posteriormente foi aprobado o documento de «Política e obxectivos de calidade do centro», no que se renovan algunhas liñas de actuación xerais do centro mantendo as principais que xa se apuntaban no manual referido anteriormente e con metas establecidas cara o curso 2018/2019. Este documento atópase no anexo 2 deste informe.

Con data 11 de xullo de 2019 a Comisión de Calidade da Universidade de Vigo aprobou retirar os procedementos PA07 e PA08 substituíndoos polo procedemento IA01 Xestión de recursos materiais e servizos e aprobar o procedemento DO0203 P1 Orientación do estudantado.

### **I.3. Informe inicial**

Na Comisións de Calidade celebradas o longo do curso 2018-2019, segundo a axenda de calidade, a coordinadora M. Jesús Barsanti presenta aos/as membros da Comisión todas as cuestións xurdidas dende a última xuntanza da mencionada comisión a finais do curso anterior.

O mais salientable do curso 2018-2019 foi a renovación da acreditación tanto do Mestrado en Comercio Internacional como do Mestrado en Dirección de PEMES.

Recibida a visita da ANECA, a escola recibiu o informe con seu corresponde prazo para presentar as alegacións que se estimasen. Os coordinadores dos mestrados xunta á Dirección do Centro elaboraron o oportuno informe coas alegacións que foron aprobadas na Comisión de Calidade celebrada o 21 de xuño de 2019 xunto ao plans de mellora.

Os informes finais foron remitidos ao Centro o 4 de xullo de 2019 coa acreditación acadada.

Nas diferentes xuntanzas mantidas neste período coa Área de Calidade fíxose fincapé nas cuestións que a ANECA ten en conta á hora de conceder a acreditación ou a renovación das titulacións, tales como os plans de mellora, a eficiencia da Comisión de Calidade, incumprimento da memoria, porcentaxes de alumnado presencial e virtual, porcentaxe de profesorado doutor ou que a información pública sexa axeitada e estea actualizada entre outras.

Nestas xuntanzas tamén foron adiantándose teimas en relación con certos cambios que se están a producir nos procedementos para acadar unha maior simplificación das accións que hai que realizar e evitar tramitacións tan confusas.

A coordinadora de calidade presentou aos membros da Comisión Permanente e aos membros da Xunta de Centro unha serie de plans de mellora do Grao en Comercio que se seguen a acometer tales como: aumentar a participación do alumnado en actividades formativas, concienciar ao PDI da importancia da investigación na carreira profesional, aumentar a participación nas enquisas de todos os colectivos do centro, fomentar a oferta de cursos de formación entre o profesorado ou concienciar a todos os colectivos implicados da importancia do SGC, cuestións problemáticas e recorrentes no Centro.

Como sempre pídese a todos os membros da Escola unha maior participación en todas as cuestións que atinxen á calidade do Centro.

---

## II. DATOS E INDICADORES

### II.1 Resultados acadados

Os datos que se presentan a seguir recollen os resultados do centro e de todas as súas titulacións oficiais de grao e de mestrado adscritas.

#### **II.1.1 Rexistro de resultados do panel de Indicadores do SGIC** (\*Intégranse os coincidentes cos programas de acreditación e seguimento):

*\*Os indicadores deben ser consultados a través do [portal de transparencia](#) da Universidade de Vigo.*

Os resultados obtidos no curso 2018/2019 son semellantes aos datos do curso anterior polo que os obxectivos e metas do curso 2019/2020 é superar estes resultados. A porcentaxe de profesorado en programas de formación mantívose; sen embargo, diminuíu a porcentaxe de PAS que participou en programas de tipo formativo. Diminuíu o número de matrículas das diferentes titulacións do centro: o Grao en Comercio 69 e os Mestrados tanto en Comercio Internacional 44 como en PEMES 24 alumnos e alumnas.

A taxa de rendemento no Grao en Comercio é dun 58%, baixando un punto con respecto ao ano anterior. A de eficiencia é positiva cun 82%, cunha pequena baixa en relación co curso anterior. Así mesmo a taxa de éxito aumentou e acadou o significativo 78%. Son moi boas as taxas de eficiencia dos mestrados: o Mestrado en Comercio Internacional é dun 95% e no de PEMES do 99%. Tendo en conta os datos das enquisas de satisfacción das titulacións que se recollen nas páxinas seguintes estes datos son positivos, aínda que a taxa de abandono aumentou dun 36% a un 40,79% e a taxa de graduación baixou moi lixeiramente e sitúase nun 26,60%. A taxa de rendemento dos dous mestrados é positiva, aínda que descendeu moi levemente: o Mestrado en Comercio Internacional presenta un 83% e o de PEMES un 75%.

En canto á empregabilidade aínda que tanto o Mestrado en Comercio Internacional como o Mestrado en Dirección de PEMES non posúen un sistema oficial de seguimento dos egresados respecto á súa empregabilidade por escaseza de recursos, si que existe unha comunicación informal que permite referendar a elevada inserción laboral dos seus egresados. Esta inserción laboral prodúcese por diferentes vías, continuidade da empresa na que fixeron prácticas, envío de ofertas laborais cada vez máis frecuentes e que son enviadas polas empresas ao coordinador/a ou á Escola de Estudos Empresariais, ou pola experiencia e coñecemento dos axentes do sector debido á experiencia en prácticas.

Neste senso cómpre destacar a boa coordinación que existe entre as diferentes titulacións para poder dar resposta ás necesidades das empresas do contorno en canto a dispoñibilidade de persoal cualificado.

En relación coas visitas de campo a Escola de Empresariais apoia aos mestrados con visitas para que poidan ver in situ o funcionamento das empresas. O ano 2018/2019 foron a Conxemar e Inditex o alumnado do Mestrado en Comercio Internacional e a Eurolaton e Textilonia no Mestrado en Dirección de PEMES e ambos os dous a Adegas Val Miñor e Porto de Vigo.

Todos os datos pormenorizados aparecen recollidos nos correspondentes anexos que se atopan ao final do documento.

Centro			<u>Escola Universitaria de Estudos Empresariais</u>			
Panel de Indicadores			Existe Meta de calidade asociada (obxectivo de calidade)?	<u>Resultado</u> <u>Curso 2018-</u> <u>2019</u>	<u>Resultado</u> <u>Curso 2017-</u> <u>2018</u>	<u>Resultado</u> <u>Curso 2016-</u> <u>2017</u>
Codg SGC	Codg ACSUG	Descrición				
I01-MC	E14	Certificación da implantación dos sistemas de calidade	Si: Valorar a posibilidade de participar nas convocatorias da Universidade de Vigo para a obtención da certificación do SIGC a partir do 2019-2020	En vigor	En vigor	En vigor
I05-MC	I4	Grao satisfacción PAS	Non	3,83	Non hai datos	-
I01-DO	E2	Seguimento das titulacións	Si: Acadar o informe de avaliación final de seguimento da titulación: "Conforme"			Favorable
I02-DO	E2	Acreditación das titulacións	Si: Acadar a renovación da acreditación das titulacións	Favorable	-	-

Titulación			<u>Grao en Comercio:</u>			
Panel de indicadores			<u>¿Existe Meta de calidade asociada aos obxectivo de calidade do centro? Indicar valor establecido</u>	<u>Resultado Curso 2018-2019</u>	<u>Resultado Curso 2017-2018</u>	<u>Resultado Curso 2016-2017</u>
Codg SGC	Codg ACSUG	Descrición				
I02-MC	I4	Grao satisfacción estudantado	Si: >3 sobre5	3,27	3,28	3,17
I03-MC	I4	Grao satisfacción profesorado	Si: >3 sobre5	4,20	Non hai datos	4,09
I04-MC	I4	Grao satisfacción persoas tituladas	Non	3,86	3,84	3,80
I06-MC	I4	Grao satisfacción empregadores	Non	Non hai datos	Non hai datos	<a href="https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/69/21">https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/69/21</a>
I01-AC		Nota media de acceso		<a href="#">Ver Táboa 1 ANEXO 4</a>		
I01(2)-AC		Nota mínima de acceso		5,000	5,000	5,180
I02-AC		Ocupación	Si: 100%	69,70%	98,08%	72,73%
I03-AC		Preferencia	Si: 100%	67,68%	98,08%	67,3%
I03(2)-AC		Adecuación	Si: >85%	81,37%	75,00%	91,78%
I04-AC	I1	Matrícula de novo ingreso por preinscripción (Evolución do estudantado matriculado en cada curso a académico)		69	102	80
I03-DO	I8	Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado (Enquisas de avaliación docente)		33,07%	29,69%	28,02%
I04-DO	I8	Grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado (Enquisas de avaliación docente)		3,92	3,71	3,79
I05-DO		Grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino	Si: >3 sobre5	3,00	3,18	3,26

<b>I06-DO</b>		Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino	Si: >3 sobre5	4,24	Non hai datos	4,08
<b>I07-DO</b>		Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino		3,67	3,67	3,74
<b>I08-DO</b>		Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas		Non hai datos	Non hai datos	Non dispoñible
<b>I09-DO</b>	I3	Estudantes que participan en programas de mobilidade internacionais		16	23	16
<b>I09(2)-DO</b>		Estudantes estranxeiros		18	20	13
<b>I010-DO</b>		Duración media dos estudos		6,02	5,00	5,09
<b>I011-DO</b>		Taxa de rendemento	Si: >60%	58%	59%	63%
<b>I012-DO</b>		Taxa de abandono	Si: <20%	36,84%	36,76%	31,91%
<b>I013-DO</b>		Taxa de eficiencia	Si: >85%	82%	85%	84%
<b>I014-DO</b>		Taxa de graduación	Si: >50%	26,60%	27,10%	28,04%
<b>I015-DO</b>		Taxa de éxito	Si: >80%	78%	74%	80%
<b>I016-DO</b>		Tempo medio para atopar emprego	Non	Non hai datos	Non hai datos	Non dispoñible
<b>I017-PE</b>	I7	Porcentaxe de PAS en formación		63,27%	69,39%	44,83%
<b>I017(2)-PE</b>	I6	Profesorado en programas de formación		8	8	10
<b>I02-PE</b>		Cualificación do PDI		<a href="#">Ver ANEXO 5</a>		56%
<b>I03-PE</b>		Resultados de investigación de carácter académico (Sexenios)		<a href="#">Ver ANEXO 6</a>		28,6
<b>I03(2)-PE</b>		Profesorado por categoría	Catedrático	<a href="#">Ver ANEXO 7</a>		4
			Titular			26
			Contratado			17
			Doutor			9
			Asociado			1
			Lectora			



<b>II.1.2 Rexistro de resultados dos indicadores específicos do seguimento establecido por ACSUG:</b>						
<b>Indicadores de Seguimento</b>				<b>Resultado/s Curso 2018- 2019</b>	<b>Resultado Curso 2017-2018</b>	<b>Resultado Curso 2016- 2017</b>
<b>E3</b>	<b>I2</b>	Perfil de ingreso do alumnado	Bacharelato	45	60	61
			FP	8	7	10
			Maiores 25 Anos	2	1	1
			Equivalencia, homologación ou validación parcial de estudos extranxeiros	7	10	4
			Título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - sen probas	4	11	-
<b>I9</b>		% de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA (quinquenal)		1,02%	1,02%	1,02%
<b>I10</b>		Nº e % de profesorado que participa en programas de mobilidade	Nº	3	1	2
			%	Non hai datos	Non hai datos	10%
<b>I11</b>		Distribución do alumnado por centro de prácticas	Nome da empresa Entidade	<a href="#">Ver Táboa 1 ANEXO 8</a>		
<b>I14</b>		Resultados de inserción laboral		<a href="https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/6">https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/6</a>		
<b>I15</b>		Media de alumnos por grupo de docencia	Tamaño grupos A	46,67	45,27	49,95
			Tamaño grupos B	23,71	23,25	23,53
			Tamaño grupos C	56,00		NP
			..			

Titulación			<b>Mestrado Universitario en Comercio Internacional</b>			
Panel de indicadores			<b>¿Existe Meta de calidade asociada aos obxectivo de calidade do centro? Indicar valor establecido</b>	<b>Resultado Curso 2018-2019</b>	<b>Resultado Curso 2017-2018</b>	<b>Resultado Curso 2016-2017</b>
Codg SGC	Codg ACS UG	Descrición				
I02-MC	I4	Grao satisfacción estudantado	Si: >3 sobre5	4,19	3,33	3,66
I03-MC	I4	Grao satisfacción profesorado	Si: >3 sobre5	4,64	Non hai datos	4,70
I04-MC	I4	Grao satisfacción persoas tituladas	Non	3,48	3,16	3,78
I06-MC	I4	Grao satisfacción empregadores	Non	Non hai datos	Non hai datos	<a href="https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informecia/informecia/show/5/69/21">https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informecia/informecia/show/5/69/21</a>
I01-AC		Nota media de acceso		<a href="#">Ver Táboa 2 ANEXO 4</a>		
I01(2)-AC		Nota mínima de acceso		Non procede	Non procede	3,49
I02-AC		Ocupación	Si: 100%	88%	98,00%	98,00%
I03-AC		Preferencia	Non	Non procede	Non procede	180%
I03(2)-AC		Adecuación	Non	Non procede	Non procede	95,9%
I04-AC	I1	Matriculación de novo ingreso por preinscripción (Evolución do estudantado matriculado en cada curso a académico)		44	49	49
I03-DO	I8	Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado (Enquisas de avaliación docente)		21,93%	34,08%	30,07%
I04-DO	I8	Grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado (Enquisas de avaliación docente)		3,92	3,87	4,07
I05-DO		Grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino	>3 sobre5	4,08	3,03	3,45

<b>I06-DO</b>		Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino	>3 sobre5	4,67	Non hai datos	4,78
<b>I07-DO</b>		Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino		3,13	3	3,87
<b>I08-DO</b>		Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas		Non hai datos	Non hai datos	Non dispoñible
<b>I09-DO</b>	I3	Estudantes que participan en programas de mobilidade internacionais		Non hai datos	Non hai datos	--
<b>I09(2)-DO</b>		Estudantes estranxeiros		Non hai datos	Non hai datos	--
<b>I010-DO</b>		Duración media dos estudos		1,47	1,16	1,26
<b>I011-DO</b>		Taxa de rendemento	Si: >85%	83%	85%	90%
<b>I012-DO</b>		Taxa de abandono	Si: <10%	2,04%	4,17%	0%
<b>I013-DO</b>		Taxa de eficiencia	Si: 100%	95,00%	99,00%	96,00%
<b>I014-DO</b>		Taxa de graduación	Si: >85%	77,55%	79,59%	86,6%
<b>I015-DO</b>		Taxa de éxito	Si: 100%	99,00%	98,00%	99,00%
<b>I016-DO</b>		Tempo medio para atopar emprego	Non	Non hai datos	Non hai datos	Non dispoñible
<b>I017-PE</b>	I7	Porcentaxe de PAS en formación		63,27%	69,39%	44,83%
<b>I017(2)-PE</b>	I6	Profesorado en programas de formación		7	8	8
<b>I02-PE</b>		Cualificación do PDI		<a href="#">Ver ANEXO 5</a>		51,6%
<b>I03-PE</b>		Resultados de investigación de carácter académico (Sexenios)		<a href="#">Ver ANEXO 6</a>		36%
<b>I03(2)-PE</b>		Profesorado por categoría	Catedrático	<a href="#">Ver ANEXO 7</a>		
			Titular			
			Contratado			
			Doutos			
			Axudante Doutor			
			Asociado			
			...			
			...			

<b>II.1.2 Rexistro de resultados dos indicadores específicos do seguimento establecido por ACSUG:</b>						
<b>Indicadores de Seguimento</b>				<b>Resultado Curso 2018- 2019</b>	<b>Resultado Curso 2017- 2018</b>	<b>Resultado Curso 2016-2017</b>
<b>E3</b>	<b>I2</b>	Alumnado por titulación de procedencia	Título de Licenciado	6	10	13
			Título de Enxeñeiro	-	-	-
			Título de Enxeñeiro Técnico	-	-	1
			Título de Diplomado	4	4	9
			Por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudos extranxeiros	11	12	8
			Graduados Superiores	23	23	18
<b>I9</b>		% de profesorado do título avaliado polo programa <b>DOCENTIA</b> (quinquenal)		1,02%	1,02%	1,02%
<b>I10</b>		Nº e % de profesorado que participa en programas de mobilidade	Nº	2	1	8
			%	Non hai datos	Non hai datos	-
<b>I11</b>		Distribución do alumnado por centro de prácticas	Nome da empresa Entidade	<a href="#">Ver Táboa 2 ANEXO 8</a>		
<b>I14</b>		Resultados de inserción laboral		<a href="https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/6">https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/6</a>	Non hai datos	
<b>I15</b>		Media de alumnos por grupo de docencia	Tamaño grupos A	50,43	49,85	45,15
			Tamaño grupos B			22,58
			Tamaño grupos C			45,15
			Tamaño grupos E	50,43	49,85	

Titulación			<b><u>Mestrado Universitario en Dirección de PEMES:</u></b>			
Panel de indicadores			<b><u>¿Existe Meta de calidade asociada aos obxectivo de calidade do centro? Indicar valor establecido</u></b>	<b><u>Resultado</u></b> Curso 2018- 2019	<b><u>Resultado</u></b> Curso 2017- 2018	<b><u>Resultado</u></b> Curso 2016- 2017
Codg SGC	Codg ACS UG	Descrición				
I02-MC	I4	Grao satisfacción estudantado	Si: >3 sobre5	3,41	4,00	3,16
I03-MC	I4	Grao satisfacción profesorado	Si: >3 sobre5	4,67	Non hai resultados	4,45
I04-MC	I4	Grao satisfacción persoas tituladas	Non	3,14	3,98	3,48-
I06-MC	I4	Grao satisfacción empregadores	Non	Non hai resultados	Non hai resultados	Non dispoñible
I01-AC		Nota media de acceso	Non	<a href="#">Ver Táboa 3 ANEXO 4</a>		
I01(2)-AC		Nota mínima de acceso		Non procede	Non procede	--
I02-AC		Ocupación	Si: 100%	80,00%	90,00%	77,50%
I03-AC		Preferencia	Non	Non procede	Non procede	75,00%
I03(2)-AC		Adecuación	Non	Non procede	Non procede	64,50%
I04-AC	I1	Matrícula de novo ingreso por preinscripción (Evolución do estudantado matriculado en cada curso a académico)		24	27	31
I03-DO	I8	Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado (Enquisas de avaliación docente)		35,48%	43,82%	49,37%
I04-DO	I8	Grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado (Enquisas de avaliación docente)		4,45	4,25	3,60
I05-DO		Grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino		3,18	3,69	3,12

<b>I06-DO</b>		Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino		4,75	Non hai datos	4,60
<b>I07-DO</b>		Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino		2,88	3,48	3,32
<b>I08-DO</b>		Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas		Non hai datos	Non hai datos	
<b>I09-DO</b>	I3	Estudantes que participan en programas de mobilidade internacionais		Non hai datos	Non hai datos	--
<b>I09(2)-DO</b>		Estudantes estranxeiros		Non hai datos	Non hai datos	--
<b>I010-DO</b>		Duración media dos estudos		1,10	1,09	1,10
<b>I011-DO</b>		Taxa de rendemento	Si: >85%	75%	85%	94%
<b>I012-DO</b>		Taxa de abandono	Si: <10%	0,00%	3,70%	13,3%
<b>I013-DO</b>		Taxa de eficiencia	Si: 100%	99%	98%	99%
<b>I014-DO</b>		Taxa de graduación	Si: >95%	77,78%	93,10%	80,77%
<b>I015-DO</b>		Taxa de éxito	Si: 100%	95%	100%	100%
<b>I016-DO</b>		Tempo medio para atopar emprego	Non	Non hai datos	Non hai datos	Non dispoñible
<b>I017-PE</b>	I7	Porcentaxe de PAS en formación		63,27%	69,39%	44,83%
<b>I017(2)-PE</b>	I6	Profesorado en programas de formación		6	8	10
<b>I02-PE</b>		Cualificación do PDI		<a href="#">Ver ANEXO 5</a>		75%
<b>I03-PE</b>		Resultados de investigación de carácter académico ( Sexenios)		<a href="#">Ver ANEXO 6</a>		18,4%
<b>I03(2)-PE</b>		Profesorado por categoría	Catedrático	<a href="#">Ver ANEXO 7</a>		
			Titular			
			Contratado			
			Doutor			
			Axudante Doutor			
			Asociado			
			...			
			...			

<b>II.1.2 Rexistro de resultados dos indicadores específicos do seguimento establecido por ACSUG:</b>						
<b>Indicadores de Seguimento</b>				<b>Resultado/s Curso 2018- 2019</b>	<b>Resultado Curso 2017-2018</b>	<b>Resultado Curso 2016- 2017</b>
<b>E3</b>	<b>I2</b>	Alumnado por titulación de procedencia	Título de Licenciado	4	4	7
			Título de Arquitecto	-	-	-
			Título de Arquitecto Técnico	1	-	1
			Título de Enxeñeiro	2	1	1
			Título de Diplomado	-	2	2
			Título de Enxeñeiro Técnico	1	-	1
			Equivalencia, homologación ou validación parcial de estudos estranxeiros	9	11	
			Títulos de grao	7	9	
<b>I9</b>		% de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA (quinquenal)		1,02%	1,02%	
<b>I10</b>		Nº e % de profesorado que participa en programas de mobilidade	Nº	2	2	2
			%	Non hai datos	Non hai datos	--
<b>I11</b>		Distribución do alumnado por centro de prácticas	Nome da empresa Entidade	<a href="#">Ver Táboa 3 ANEXO 8</a>		
<b>I14</b>		Resultados de inserción laboral		<a href="https://secretaria.uvigo.gal/uv/wcb/transparencia/grupo/show/5/6">https://secretaria.uvigo.gal/uv/wcb/transparencia/grupo/show/5/6</a>	Non dispoñible	
<b>I15</b>		Media de alumnos por grupo de docencia	Tamaño grupos A	28,01	28,00	26,50
			Tamaño grupos E	28,01	28,00	26,50

**II.1.3 Resultados (desagregados) das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais**

Titulacións de Grao				
	Resultados de Participación	Satisfacción xeral curso 2018-2019	Ítems / epígrafes mellor valorados	Ítems / epígrafes peor valorados
PAS	55,56%	4,40	1 A información dispoñible para o alumnado (4,25)	9 A dotación do PAS adscrito (2,00)
			3 A información dispoñible na páxina web do centro (4,25)	12 A información dispoñible sobre a xestión da calidade (3,20)
			5 A comunicación do alumnado (4,25)	14 As vías de participación para a mellora da calidade (3,25)
			6 A comunicación co profesorado (4,25)	
Titulacións Mestrado				
	Resultados de Participación	Satisfacción xeral curso 2018-2019	Ítems / epígrafes mellor valorados	Ítems / epígrafes peor valorados
PAS	11,11%	1,00	10 As instalacións e o equipamento onde se desenvolven as titulacións do centro (4,00)	1 A información dispoñible para o alumnado (1,00)
			11 As instalacións e o equipamento onde realiza o seu traballo (4,00)	2 A información recibida para o desenvolvemento do seu traballo (1,00)
				3 A información dispoñible na páxina web do centro (1,00)



				4 A comunicación cos/as responsable académicos/as (decanato/dirección do centro e do departamento, e coordinadores/as) (1,00)
				5 A comunicación co alumnado (1,00)
				6 A comunicación co profesorado (1,00)
				7 A comunicación con outros servizos que traballan no ámbito académico (1,00)

Titulación		Grao en Comercio		
	Resultados de Participación	Satisfacción xeral curso 2018-2019	Ítems / epígrafes mellor valorados	Ítems / epígrafes peor valorados
Alumnado	15,38%	3,27	7 A accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web (4,00)	6 A orientación académica recibida no plan de acción tutorial (2,29)
			13 As aulas e o seu equipamento (3,86)	2 A coordinación entre as materias do plan de estudos (2,57)
			14 Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento (3,86)	10 A información sobre as actividades extracurriculares (actividades culturais, deportivas, sociais...) (2,71)

Profesorado	56,86%	4,20	3 A información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e a avaliación das aprendizaxes (horarios, calendario das probas de avaliación, actividades, cambios...) (4,55)	24 As vías de participación na mellora da calidade da titulación (3,72)
			13 Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento (4,52)	25 Os obxectivos de calidade (3,79)
			16 As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia (4,48)	22 A información dispoñible en relación coa calidade (3,88)
Persoas tituladas	29%	3,86	16 As xestións académicas (recoñecementos e transferencia de créditos, expedición do título...) (4,64)	11 A cualificación do profesorado (3,27)
			7 Os programas de mobilidade, de ser o caso (4,60)	5 A orientación profesional e laboral (3,30)
			15 Os recursos tecnolóxicos (secretaría virtual, plataformas de teledocencia, redes wifi...) (4,36)	3 As metodoloxías de ensino-aprendizaxe empregadas (3,45)

Empregadores	Non hai datos					
Enquisa	Organización e Desenvolvemento	Información e transparencia	Sistema de garantía de calidade	Recursos humanos	Recursos materiais e servizos	Resultados de aprendizaxe
Alumnado	3,00	3,48	2,71	3,57	3,78	2,78
Profesorado	4,24	-	3,83	4,35	4,45	4,05
Persoas tituladas	3,67	3,53	3,60	3,71	4,27	4,14

Titulación		<u>Mestrado Universitario en Comercio Internacional</u>		
	Resultados de Participación	Satisfacción xeral curso 2018-2019	Ítems/epígrafes mellor valorados	Ítems/epígrafes peor valorados
Alumnado	45,45%	4,19	4 O calendario das probas de avaliación (4,50)	2 A coordinación entre as materias do plan de estudos (3,70)
			14 Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento (4,50)	6 A orientación académica recibida no plan de acción tutorial (3,72)
			16 As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia (4,44)	11 As canles de participación na mellora da titulación (caixa de queixas, suxestións e parabéns, delegación de alumnos, participación nas comisións, comunicación cos responsables da titulación...) (3,89)

Profesorado	52,78%	4,64	8 O desenvolvemento das ensinanzas da titulación (4,78)	16 As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia (4,31)
			14 Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento (4,76)	23 As canles para realizar queixas, suxestións e/ou parabéns (4,47)
			1 A información dispoñible dos obxectivos xerais e competencias do plan de estudos (4,74)	22 A información dispoñible en relación coa calidade (3,89)
Persoas tituladas	28,00%	3,48	14 Os servizos (secretaría de alumnado, biblioteca...) (4,29)	7 Os programas de mobilidade, de ser o caso (1,67)
			15 Os recursos tecnolóxicos (secretaría virtual, plataformas de teledocencia, redes wifi...) (4,25)	6 A utilidade das prácticas académicas externas, de ser o caso (2,40)
			9 A utilidade da información para as persoas tituladas publicada no portal da Universidade (4,00)	4 A orientación académica para continuar os estudos (3,13)
			13 As infraestruturas e os materiais dispoñibles (3,40)	5 A orientación profesional e laboral (3,13)
			10 A xestión da calidade na titulación (3,13)	
Empregadores	Non hai datos			

Enquisa	Organización e Desenvolvemento	Información e transparencia	Sistema de garantía de calidade	Recursos humanos	Recursos materiais e servizos	Resultados de aprendizaxe
Alumnado	4,08	4,23	3,89	4,33	4,38	4,26
Profesorado	4,67	-	4,53	4,68	4,56	4,57
Persoas tituladas	3,13	3,75	3,13	3,56	4,06	3,31

Titulación		<u>Mestrado Universitario en Dirección de PEMES</u>		
	Resultados de Participación	Satisfacción xeral curso 2018-2019	Ítems/epígrafes mellor valorados	Ítems/epígrafes peor valorados
Alumnado	8,33%	3,41	7 A accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web (4,00)	9 A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...) (2,00)
			8 A utilidade da información sobre a titulación publicada na web (4,00)	10 A información sobre as actividades extracurriculares (actividades culturais, deportivas, sociais...) (2,00)
			13 As aulas e o seu equipamento (4,00)	5 A cantidade de prácticas realizadas nas materias da titulación (2,50)
			14 Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento (4,00)	

			15 Os espazos destinados ao traballo autónomo (salas de estudos, aulas de informática, biblioteca...) e o seu equipamento (4,00)	
			18 A capacidade para aplicar as habilidades e destrezas adquiridas (4,00)	
<b>Profesorado</b>	31,25%	4,67	10 A calidade da docencia na titulación (4,90)	14 Os espazos destinados ao traballo autónomo do estudiantado (salas de estudos, aulas de informática...) (4,30)
			11 A coherencia dos criterios de asignación da docencia coa capacidade do persoal (4,90)	23 As canles para realizar queixas, suxestións e/ou parabéns (4,40)
			21 A difusión das actividades extracurriculares entre o estudiantado (información das actividades culturais, deportivas, sociais...) (4,89)	
<b>Persoas tituladas</b>	35,00%	3,14	14 Os servizos (secretaría de alumnado, biblioteca...) (4,29)	6 A utilidade das prácticas académicas externas, de ser o caso (2,33)
			12 A cualificación do persoal de administración e servizos (4,14)	18 A utilidade da formación recibida para a carreira profesional (2,57)

				7 Os programas de mobilidade, de ser o caso (4,00)	10 A xestión da calidade na titulación (2,60)	
Empregadores	Non hai datos					
Enquisa	Organización e Desenvol- vemento	Información e transparen- cia	Sistema de garantía de calidade	Recursos humanos	Recursos materiais e servizos	Resultados de aprendizaxe
Alumnado	3,18	3,33	3,00	3,50	3,80	3,75
Profesorado	4,75	--	4,47	4,90	4,56	4,74
Persoas tituladas	2,88	3,27	2,60	3,64	3,56	2,71

### II.1.3 Resultados (desagregados) das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais

#### Análise dos resultados

As taxas de satisfacción do alumnado son boas tanto no Grao en Comercio como nos dous Mestrados. O ítem peor valorado no Grao en Comercio e nos dous Mestrados por parte do alumnado é as canles existentes para a participación na mellora da titulación. Así mesmo as taxas de satisfacción das persoas tituladas tamén son boas para as tres titulacións. Non hai datos no que atinxe ao profesorado, nin dos empregadores e segue a ser preocupante tamén a nula participación nas enquisas do PAS da Escola.

#### Outros resultados

Neste apartado é importante coñecer os datos xerais relativos aos resultados das enquisas de avaliación docente realizadas polo alumnado. No caso das tres titulacións da Escola, para o curso 2018/2019 os resultados foron positivos e mellores que o ano anterior: no Grao en Comercio dun 3,92, no Mestrado en Comercio Internacional dun 3,92 e no Mestrado de PEMES dun 4,45, polo que se entende que o profesorado está, en xeral, ben valorado.

Recóllese a continuación un resumo dos datos máis salientables que atinxen á satisfacción:

#### Satisfacción Grao

##### PAS

Satisfacción xeral 4,40

Mellor valorado: A información dispoñible para o alumnado; A información dispoñible na páxina web do; A comunicación do alumnado; A comunicación co profesorado (4,25)

Peor valorado: A dotación do PAS adscrito

### **Alumnado**

Satisfacción xeral 3,27

Mellor valorado: A accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web: (4,00); As aulas e o seu equipamento (3,86); Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento: (3,86)

Peor valorado: A orientación académica recibida no plan de acción tutorial: (2,29); A coordinación entre as materias do plan de estudos: (2,57); A información sobre as actividades extracurriculares (actividades culturais, deportivas, sociais...): (2,71)

### **PDI**

Satisfacción xeral 4,20

Mellor valorado: A información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e a avaliación das aprendizaxes (horarios, calendario das probas de avaliación, actividades, cambios...): (4,55); Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento: (4,52); As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: (4,48)

Peor valorado: As vías de participación na mellora da calidade da titulación: (3,72); Os obxectivos de calidade: (3,79); A información dispoñible en relación coa calidade (3,88)

### **Persoas tituladas**

Satisfacción xeral 3,86

Mellor valorado: As xestións académicas (recoñecementos e transferencia de créditos, expedición do título...): (4,64); Os programas de mobilidade, de ser o caso: (4,60); Os recursos tecnolóxicos (secretaría virtual, plataformas de teledocencia, redes wifi...): (4,36)

Peor valorado: As vías de participación na mellora da calidade da titulación: (3,72); Os obxectivos de calidade: (3,79); A información dispoñible en relación coa calidade: (3,88); A cualificación do profesorado: (3,27); A orientación profesional e laboral: (3,30); As metodoloxías de ensino-aprendizaxe empregadas: (3,45)

## **NON HAI DATOS EMPREGADORES**

### **Satisfacción Mestrados**

#### **PAS**

Mellor valorado: As instalacións e o equipamento onde se desenvolven as titulacións do centro; As instalacións e o equipamento onde realiza o seu traballo: (4,00)

Peor valorado: A información dispoñible para o alumnado; A información recibida para o desenvolvemento do seu traballo; A información dispoñible na páxina web do centro A comunicación cos/as responsable académicos/as (decanato/dirección do centro e do departamento, e coordinadores/as); A comunicación co alumnado; A comunicación co profesorado; A comunicación con outros servizos que traballan no ámbito académico: (1,00)

- **Mestrado Comercio**



**Alumnado**

Satisfacción xeral 4,19

Mellor valorado: O calendario das probas de avaliación: (4,50); Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento: (4,50); As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: (4,44)

Peor valorado: A coordinación entre as materias do plan de estudos: (3,70); A orientación académica recibida no plan de acción tutorial: (3,72); As canles de participación na mellora da titulación (caixa de queixas, suxestións e parabéns, delegación de alumnos, participación nas comisións, comunicación cos responsables da titulación...): (3,89)

**PDI**

Satisfacción xeral 4,64

Mellor valorado: O desenvolvemento das ensinanzas da titulación: (4,78); Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento: (4,76); A información dispoñible dos obxectivos xerais e competencias do plan de estudos: (4,74)

Peor valorado: As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: (4,31); As canles para realizar queixas, suxestións e/ou parabéns: (4,47); A información dispoñible en relación coa calidade: (3,89)

**Persoas tituladas**

Satisfacción xeral 3,48

Mellor valorado: Os servizos (secretaría de alumnado, biblioteca...): (4,29); Os recursos tecnolóxicos (secretaría virtual, plataformas de teledocencia, redes wifi...): (4,25); A utilidade da información para as persoas tituladas publicada no portal da Universidade: (4,00); As infraestruturas e os materiais dispoñibles: (3,40)

**NON HAI DATOS EMPREGADORES**

- **Mestrado PEMES**

**Alumnado**

Satisfacción xeral 3,41

Mellor valorado: A accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web: (4,00); A utilidade da información sobre a titulación publicada na web: (4,00); As aulas e o seu equipamento: (4,00); Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento: (4,00); Os espazos destinados ao traballo autónomo (salas de estudos, aulas de informática, biblioteca...) e o seu equipamento: (4,00); A capacidade para aplicar as habilidades e destrezas adquiridas: (4,00)

Peor valorado: A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...): (2,00); A información sobre as actividades extracurriculares (actividades culturais, deportivas, sociais...): (2,00); A cantidade de prácticas realizadas nas materias da titulación: (2,50)

**PDI**

Satisfacción xeral 4,67

Mellor valorado: A calidade da docencia na titulación: (4,90); A coherencia dos criterios de asignación da docencia coa capacidade do persoal: (4,90); A difusión das actividades

extracurriculares entre o estudantado (información das actividades culturais, deportivas, sociais...): (4,89)

Peor valorado: Os espazos destinados ao traballo autónomo do estudantado (salas de estudos, aulas de informática...): (4,30); As canles para realizar queixas, suxestións e/ou parabéns: (4,40)

#### **Persoas tituladas**

Satisfacción xeral 3,14

Mellor valorado: Os servizos (secretaría de alumnado, biblioteca...): (4,29); A cualificación do persoal de administración e servizos: (4,14; Os programas de mobilidade, de ser o caso: (4,00)

Peor valorado: A utilidade das prácticas académicas externas, de ser o caso: (2,33); A utilidade da formación recibida para a carreira profesional: (2,57); A xestión da calidade na titulación: (2,60)

**NON HAI DATOS EMPREGADORES**

**II.1.4 Indicadores por materia**

Titulación:		<u>Grao en Comercio</u>			
Panel de indicadores por materia		Materia	Resultado Curso 2018-2019	Resultado Curso 2017-2018	Resultado Curso 2019-2017
IM01	Taxa de éxito	<a href="#">Ver Táboa 1 ANEXO 9</a>			
IM02	Taxa de avaliación				
IM03	Taxa de rendemento				

Informes de cualificación por materia						
Materia	NP	MH	SOBRS	NOTB	APROB	SUSP
<a href="#">Ver Táboa 1 ANEXO 10</a>						

Titulación:		<u>Mestrado Universitario en Comercio Internacional</u>			
Panel de indicadores por materia		Materia	Resultado Curso 2018-2019	Resultado Curso 2017-2018	Resultado Curso 2016-2017
IM01	Taxa de éxito	<a href="#">Ver Táboa 2 ANEXO 9</a>			
IM02	Taxa de avaliación				
IM03	Taxa de rendemento				

Informes de cualificación por materia						
Materia	NP	MH	SOBRS	NOTB	APROB	SUSP
<a href="#">Ver Táboa 2 ANEXO 10</a>						

Titulación:		<u>Mestrado Universitario en Dirección de PEMES</u>			
Panel de indicadores por materia		Materia	Resultado Curso 2018-2019	Resultado Curso 2017-2018	Resultado Curso 2016-2017
IM01	Taxa de éxito	<a href="#">Ver Táboa 3 ANEXO 9</a>			

IM02	Taxa de avaliación	
IM03	Taxa de rendemento	

**Informes de cualificación por materia**

Materia	NP	MH	SOBRS	NOTB	APROB	SUSP
<a href="#">Ver Táboa 3 ANEXO 10</a>						

**II.1.5. Outros indicadores propios do centro/ título (validados pola UEP)**

*\*Neste epígrafe os centros que teñan solicitado, consonte o procedemento de medición, análise e mellora, indicadores propios que completan o panel de indicadores institucionais, poden recoller os resultados obtidos e unha breve análise deles.*

Panel de indicadores adicionais	Resultado Curso 2018- 2019	Resultado Curso 2017- 2018	Resultado Curso 2016- 2017
IA01			
IA02			
IA03			

### **II.1.6. Datos relativos a QSP recibidas**

Ao longo do curso 2018-2019 só se recibiu unha queixa no caixón de queixas da Escola en relación coa materia de 3º curso “Xestión do Comercio Exterior” recibida o 17 de decembro de 2018.

O 9 de xaneiro de 2019 foi a data da resposta, na que se indica que o alumno que puxo a queixa se entrevistou persoalmente coa directora do centro, quedando resoltas todas as súas dúbidas.

**II.1.7. Estado de situación dos rexistros de calidade do sistema**

Rexistros de calidade do centro					
Rexistro	Procedemento	Estado do rexistro	Data límite de entrega	Observacións	Documentos Adxuntos
<a href="#">R1-DE01 P1 - Plan estratéxico do centro</a>	DE-01 P1 - Planificación estratéxica	En preparación			<a href="#">0</a>
<a href="#">R1-DE02 P1 - Panel de indicadores</a>	DE-02 P1 - Seguimento e Medición	Completado	30/04/2019		<a href="#">1</a>
<a href="#">R1-DE03 P1 - Informe de revisión do sistema pola dirección</a>	DE-03 P1 - Revisión do sistema pola dirección	Completado	23/02/2019		<a href="#">1</a>
<a href="#">R1-MC05 P1 - Proposta de Plan anual de avaliación das usuarias e usuarios (PAESU)</a>	MC-05 P1 - Satisfaccións das usuarias e usuarios	Completado	03/05/2019		<a href="#">0</a>
<a href="#">R2-MC05 P1 - Plan anual de avaliación das usuarias e usuarios</a>	MC-05 P1 - Satisfaccións das usuarias e usuarios	Completado	03/05/2019	Non procede, xa que non se desenvolven accións de avaliación propias do centro. As únicas actividades para medir a satisfacción dos usuarios e usuarias son avaliacións institucionais centralizadas pola Área de Calidade.	<a href="#">0</a>
<a href="#">R3-MC05 P1 - Ficha técnica do deseño da actividade de avaliación</a>	MC-05 P1 - Satisfaccións das usuarias e usuarios	Completado	28/06/2019		<a href="#">0</a>
<a href="#">R4-MC05 P1 - Informes de resultados de avaliación</a>	MC-05 P1 - Satisfaccións das usuarias e usuarios	Completado	28/06/2019	Non procede, xa que non se desenvolven accións de avaliación propias do centro. As únicas actividades para medir a satisfacción dos usuarios e usuarias son avaliacións institucionais centralizadas pola Área de Calidade.	<a href="#">0</a>
<a href="#">R5-MC05 P1 - Informe de seguimento do PAESU</a>	MC-05 P1 - Satisfaccións das usuarias e usuarios	Completado	28/06/2019	Non procede, porque non se desenvolven accións de avaliación propias do centro. As únicas actividades para medir a satisfacción dos usuarios e usuarias son avaliacións institucionais centralizadas pola Área de Calidade.	<a href="#">0</a>
<a href="#">R1-DO0201 P1 - PDA</a>	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado	15/07/2019		<a href="#">3</a>
<a href="#">R4-DO0201 P1 - Procedemento para o seguimento e control da docencia</a>	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado	01/07/2019	Non procede. O procedemento foi rexistrado na aplicación no curso 2017/2018 e segue en vigor.	<a href="#">0</a>
<a href="#">R1-DO0202 P1 - Plan de Promoción do Centro</a>	DO-0202 P1 - Promoción das titulacións	Completado	30/04/2019		<a href="#">1</a>
<a href="#">R2-DO0203 P1 - Informe final de avaliación do PAT</a>	DO-0203 P1 - Orientación ao estudiantado	Completado	30/09/2019		<a href="#">3</a>

Registros de calidade do centro					
Registro	Procedemento	Estado do rexistro	Data límite de entrega	Observacións	Documentos Adxuntos
<a href="#">R1- DO0203 P1 - Plan de acción tutorial</a>	DO-0203 P1 - Orientación ao estudiantado	Completado	30/09/2019		<a href="#">4</a>
I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)

I03(2)-PE: Profesorado por categoría

## **CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS**

<p><b>Estándar:</b> Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.</p>	
<p><b>Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:</b></p> <p>Os medios existentes resaltan nas enquisas como un dos aspectos fortes identificados por alumnado e titulados. O profesorado, pola súa banda, valora os medios físicos, pero considera mellorables as plataformas de teledocencia. O número de alumnados por grupo, máis que nos indicadores aparece elevado, non supera os 22 na modalidade presencial, e ronda os 26 na modalidade non presencial. Pero os datos non están desagregados por grupo.</p> <p>Respecto da satisfacción coas prácticas é positivo, aínda que os titulados se mostran máis críticos. Tal vez porque as expectativas de atopar traballa a partir de elas eran altas. Isto é algo que acontece ás veces, pero non é a norma. O alumnado por centro de práctica figura no anexo, e está moi repartido, pero con forte presenza nas empresas que traballan en loxística internacional.</p>	
<p><b>Puntos febles detectados:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Mellora das ferramentas de teledocencia coa dispoñibilidade de novos medios.</li> </ul>	<p><b>Accións de mellora a implantar:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Solicitar a habilitación de novas ferramentas, como un campus virtual, para o uso da modalidade online.</li> </ul>
<p><b>Evidencias nas que se baseou a valoración:</b></p> <p>E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título</p> <p>E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT</p> <p>E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.</p> <p>E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título</p> <p>E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia</p> <p>E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas</p>	
<p><b>Indicadores nos que se baseou a valoración:</b></p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos</p> <p>I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas</p> <p>I11: N° de alumnado por centro de prácticas.</p> <p>I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)</p>	

**CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE**

**Estándar:** Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os resultados das enquisas de satisfacción son positivas en todos os seus colectivos (estudiantado, profesorado e titulados), con valores substancialmente superiores ao 3. Particularmente, mellorou o grao de satisfacción do estudiantado entre o curso 2017-2018 e o 2018-2019. Os aspectos mellor valorados polo estudiantado son o calendario de probas e os medios físicos e telemáticos. A mellorar está a coordinación de materias e a orientación académica do PAT, pero con valores de 3,7 sobre 5, que non está mal. No caso do profesorado, as valoracións son maiores, cunha mínima de 4.31 nas plataformas informáticas e canles de QSP. O que máis valoran é o desenvolvemento das ensinanzas, medios e información dispoñible, con puntuacións cerca do 5. Por último, as persoas tituladas son máis críticas, pero a media está en 3,78. Botan de menos os programas de mobilidade e son críticos coa utilidade das prácticas, entre outros aspectos. Están moi satisfeitos cos servizos de PAS e cos recursos tecnolóxicos, a información dispoñible e as infraestruturas.

Os resultados nas enquisas de avaliación docente tamén foro elevados, chegando ao 3,92 nas enquisas de avaliación docente, valoración que ten subido dende o 3,87 do ano anterior. Existe unha elevada satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino que chega ao 4,08.

Respecto dos indicadores de resultados por materias, os resultados son positivos, agás para as tres materias finais do mestrado. Dereito Internacional e Contratación, Practicum e Traballo de Fin de Máster. Particularmente, nesta última materia os resultados das taxas son mellorables, e é un aspecto a mellorar.

**Puntos febles detectados:**

- Baixas taxas na presentación de TFM.

**Accións de mellora a implantar:**

- Acadar un maior compromiso do estudiantado e profesorado para mellorar estas taxas en TFM.

**Evidencias nas que se se baseou a valoración:**

E4: Guías docentes das materias

E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título, titor e calificación)

E25/: Informes de cualificación por materia

EA11: Informes de prácticas

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)



**CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO**

<b>Estándar:</b> Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.	
<b>Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:</b>	
<p>A evolución de estudantes de novo ingreso é positiva, especialmente a efectos de preinscripción, porque no curso 2018-2019 a demanda case que duplica o número de prazas. Isto non se reflicte no número de alumnos preinscritos que quedou en 44 por un problema exposto anteriormente e que está en vías de resolución para o curso 2020-2021.</p> <p>Os indicadores e a súa evolución histórica mostran un bo comportamento ao longo do tempo, pero convén facer unha mención individual. A <i>taxa de graduación</i> é a que presenta historicamente unha maior oscilación, chegando a baixar do 80% nos dous últimos anos da serie. Existen varios motivos, pero principalmente radica na compatibilización, por parte do estudiantado, destes estudos cunha actividade laboral que dificulta a súa gradación no mesmo curso académico na que acceden ao título. A <i>taxa de abandono</i> tende a situarse en cero ao presentar valores próximos a 5%. Os alumnos que se matriculan e asisten periodicamente as sesións superan os créditos matriculados. Ademais, hai alumnos que abandonan os estudos tras terse matriculado, aspecto que afecta a esta taxa. A <i>taxa de eficiencia</i> é elevada, superando o 95%. Isto significa que a os estudantes se matriculan da práctica totalidade dos créditos que compoñen o título. Pola súa parte a <i>taxa de rendemento</i> oscila entre un 83 e un 90%, o que reflicte a capacidade dos estudantes para superar un porcentaxe elevado dos créditos nos que se matriculan. Este índice va en liña cun valor que ten esta taxa nas titulacións de mestrado. O motivo de non ter alcanzado un mellor resultado implica retrasar a entrega das tarefas nalgúns materias, maioritariamente na modalidade non presencial, posto que se compatibiliza cunha actividade profesional, ou na realización do TFM. Finalmente, a <i>taxa de éxito</i> se sitúa entre el 98-99%, indicando que os estudantes aproban maioritariamente os créditos aos que se presentan. Isto reflicte un bo nivel académico dos estudantes e o seu compromiso con la formación recibida. A eficacia da avaliación continua, por tanto, pode considerarse un éxito. Convén establecer novos criterios que se axusten a realidade do máster unha vez se proceda á modificación da memoria.</p> <p>Respecto á inserción, os últimos datos dos que dispón a universidade de Vigo, nun estudio entre 1990 e 2015 indican que máis do 80% dos egresados está ocupado. Pola súa banda a duración media dos estudos subiu a 1,47 anos, respecto ao 1,16 e 1,26 dos cursos anteriores. Este aspecto está moi ligado ao referido na <i>taxa de graduación</i>.</p>	
<b>Puntos febles detectados:</b>	<b>Accións de mellora a implantar:</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Axustar os criterios das taxas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Incorporar na nova memoria taxas que se axusten máis á realidade actual do mestrado.</li> </ul>
<b>Evidencias nas que se baseou a valoración:</b>	
E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC	
<b>Indicadores:</b>	
I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico	
I12: Evolución dos indicadores de resultados	
□ Taxa de graduación	
□ Taxa de abandono	
□ Taxa de eficiencia	
□ Taxa de rendemento	
□ Taxa de éxito	
□ Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)	
I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso	
I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego	
I010-DO: Duración media dos estudos	

## Seguimento da titulación: Máster en Dirección de PEMES

### CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

**Estándar:** o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

#### **Reflexión/comentarios que Xustificuen a valoración:**

Durante o curso 2018-2019 o Mestrado afrontou un proceso de renovación da acreditación que foi superado positivamente, pero que quedou a expensas dun cambio na memoria do título a afrontar no curso 2019-2020. Polo tanto, a memoria vixente, modificada en 2015, seguía vixente pero neste curso se abordou a súa modificación.

En todo caso, temos que destacar que dito cambio solicitouse para incorporar pequenas modificacións que non implican ningunha modificación da natureza do título nin na súa estrutura e obxectivos e que consisten no axuste do número de prazas ofertadas, a corrección dalgúns desvíos entre o contido das guías docentes e as especificacións incluídas na memoria do título, o incremento da flexibilidade nalgúns casos no uso de sistemas de avaliación e a mellora da información necesaria para o desenvolvemento da modalidade semipresencial.

Os cambios xa están plasmados e aprobados nunha nova memoria que foi aprobada (unha vez incorporadas as alegacións) en Xunta de Centro.

Actualmente, o Máster en Xestión de Pemes mantén o interese académico e profesional recollido na memoria e faise un esforzo continuado para mantelo actualizado e responder á necesidade de profesionais especializados na casuística e problemas das pemes.

Así se recolle no Informe de avaliación final da renovación de acreditación do 3 de xullo de 2019, cando se di que o título presenta importantes puntos fortes que proporcionan un gran valor engadido e máis que xustifican o seu mantemento. Entre outros:

- A demanda da titulación é alta, permite cubrir todas as prazas e xustifica a existencia e a sustentabilidade da titulación.
- A evolución experimentada na investigación e o progreso da carreira académica polos profesores implicados na titulación foi positiva. A satisfacción do alumnado coa actividade docente dos profesores chega a altos niveis.
- En xeral, os indicadores de satisfacción dos distintos grupos son positivos.
- Realízanse esforzos para complementar a docencia con profesorado externo profesional, mantendo un profesorado interno estable.
- Aínda que non hai datos obxectivos sobre a empregabilidade dos graduados, diferentes evidencias recollidas durante a visita lévanos a crer que é alta. Existen importantes vínculos entre a escola e a rede empresarial que aportan puntos fortes para a titulación.

O ratio de prazas solicitadas sobre as ofertadas é positiva. O máster ten unha alta demanda, con máis solicitudes que o número de prazas ofertadas. Non obstante e frecuente que o número final de matriculados quede por debaixo das prazas dispoñibles pola disfuncionalidade que existe entre os prazos de matrícula e de renuncia a matrícula. Moitos dos nosos alumnos solicitan a Beca Excelencia Xuventud Exterior da Xunta de Galicia sendo habitual que ao non acadar dita beca, algúns estudantes matriculados cancelen a súa matrícula nun período excesivamente longo, o que impide a matriculación doutros estudantes para cubrir as vacantes.

O perfil de estudantes de novo ingreso é multidisciplinar, incluíndo estudantes de ámbitos tan diversos como Historia e Ciencias da Música, Belas Artes; do ámbito xurídico-social (ADE, Comercio, Dereito, Relacións Laborais e Recursos Humanos, Dirección e Xestión Pública, Turismo), enxeñeiros (Industrial, aeronáutica, informática), Arquitectos,..... e ademais dun importante número de alumnos/as que cursaron os seus estudos no estranxeiro (11 no curso 2017-2018 e 9 no curso 2018-2019). Entendemos que isto ten un gran valor na medida que aporta heteroxeneidade de perspectivas e enriquece o conxunto. De feito, no contexto económico actual, a decisión de dirixirse cara a unha empresa formada por un equipo multidisciplinar leva á adaptabilidade e á axilidade necesarias para situarse no actual mercado de mercado, superando así as lagoas asociadas a equipos homoxéneos, onde as debilidades similares levan a unha perspectiva estreita que dificulta a abordaxe de problemas complexos e multidimensionais.

Os índices de satisfacción global do máster, expresados por estudantes e egresados, amosan valores positivos. Así, se nos fixamos na traxectoria dos últimos anos, podemos ver que o grao de satisfacción dos estudantes cos obxectivos reflectidos

no plan de estudo está sempre por encima de 3, acadando unha puntuación de 4 (satisfacción do estudante) e 3.98 (satisfacción das persoas tituladas) no curso 16/17.

Por outra banda, os profesores amosan un nivel de satisfacción de 4,45, no curso 2016/17 e 4,7 no curso 2018/2019. Isto é un reflexo da implicación e compromiso do profesorado co máster, un aspecto clave para o seu bo funcionamento.

Se potencia a participación en todas as materias do master, de profesionais en activo nas distintas temáticas, como medio para achegar o alumnado o máis posible aos problemas e realidades da práctica empresarial.

**Puntos débiles detectados:**

Disfuncionalidade do prazo de renuncia dos estudantes matriculados.

**Accións de mellora a implantar:**

Xestión co servizo de posgrado para axustar este punto.

**Evidencias nas que basea a valoración:**

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora

E3: Perfil de ingreso do alumnado(gra)

E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)

E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).

QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

**Indicadores nos que se basea a valoración:**

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición

I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia

I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)

I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros

I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.

I01-AC: Nota media de acceso

I01(2)-AC: Nota mínima de acceso

I02-AC: Ocupación

I03-AC: Preferencia

I03(2)-AC: Adecuación

## CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

<b>Estándar:</b> A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.	
<b>Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:</b>	
<p>Aínda que segundo os resultados das enquisas de satisfacción, os epígrafes relativos a accesibilidades e a utilidade da información sobre a titulación publicada na web, figuran entre os mellor valorados polo alumnado, a páxina Web do centro foi outro dos temas tratados na acreditación e se solicitou máis información sobre o TFM as prácticas e o PAT. Aspectos que están a ser corrixidos durante o desenvolvemento deste informe.</p> <p>Ademais, durante o presente curso, para mellorar o coñecemento do PAT realizáronse diferentes accións empezando por reforzar a descrición do seu funcionamento durante a sesión inicial de acollida ao comezo do curso. Ao mesmo tempo, dado que o número de alumnos foi moi manexable, foi relativamente doado establecer interaccións directas dos coordinadores co alumnado para os temas individuais e tamén se estableceu un delegado de curso que serviu de interlocutor e transmisor de información para os temas máis xenerais.</p>	
<b>Puntos febles detectados:</b>	<b>Accións de mellora a implantar:</b>
•	•
<b>Evidencias nas que se baseou a valoración:</b>	
E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)	
R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública	
QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública	
<b>Indicadores nos que se baseou a valoración:</b>	
I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.	

## CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

<b>Estándar:</b> A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.	
<b>Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:</b>	
<p>O sistema interno de garantía de calidade está formalmente establecido e funciona axeitadamente, pero con ánimo de mellora continua, e para ter uns resultados máis elevados nas enquisas, será obxecto de traballo nos próximos tempos. Os plans de mellora asociados á SGC estanse a desenvolver segundo o previsto.</p>	
<b>Puntos febles detectados:</b>	<b>Accións de mellora a implantar:</b>
<b>Evidencias nas que se baseou a valoración:</b>	
E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/ <u>Comisión de Garantía de Calidade</u>	
E10: Documentación do SGC (Política, <b>obxectivos de calidade</b> , manual e procedementos)	
E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados)	

e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: **Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro**

## CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

**Estándar:** O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado segundo as enquisas de avaliación docente é moi positivo, pasando de un valor de 3,60 no curso 2015/2016 a 4,25 no 2016/2017 e finalmente a 4,45, no 2017/2018. Ademais, destaca a elevada puntuación que outorgan os titulados aos servizos (secretaría de alumnado, biblioteca,...) que é de 4,29 ca cualificación do PAS, de 4,14. Polo tanto, en ambos casos, podemos indicar unha elevada satisfacción do público obxectivo cos Recursos Humanos vencellado ao mestrado. Pola súa banda, o profesorado presenta un porcentaxe de satisfacción xeral de 4,67, e de 4,75 no referente a satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino. O que se mostra máis crítico é o persoal PAS, que ten unha visión moi crítica cos mestrados, aínda que a mostra é moi baixa (11.11%), debeu responder unha persoa que está desgustada, e hai que entender que é o que acontece, porque de forma directa non recibimos ningún problema ou queixa.

Respecto a participación en plans de formación, tanto de PAS coma de PDI, podemos dicir que estamos ante cifras moi razoables e satisfactorias. Sobre todo é relevante a formación en docencia non presencial para o PDI. En canto ao porcentaxe de profesorado do título participou en DOCENTIA e de 1.02%, unha cifra que agardamos que vaia en incremento nas próximas convocatorias. No que concirne a cualificación do PDI, as categorías predominantes de profesorado son titular e contratado doutor. Por último, temos dous profesores que participan en programas de mobilidade.

**Puntos febles detectados:**

**Accións de mellora a implantar:**

**Evidencias nas que se baseou valoración:**

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve

E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)

R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos ( DOCENTIA)

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)  
 I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)  
 I02-PE: Cualificación do PDI  
 I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)  
 I03(2)-PE: Profesorado por categoría

## **CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS**

<b>Estándar:</b> Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.	
<b>Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:</b>	
<p>Nos resultados das enquisas de satisfacción do alumnado podemos ver unha alta valoración (4,00) no que se refire as aulas e seu equipamento por unha banda e os laboratorios, as aulas de informática.... e seu equipamento, por outra. E, en xeral, a valoración dos recursos materiais e servizos sitúase por encima de 3.5 tanto para o alumnado como para as persoas tituladas. O profesorado, pola súa banda, valora moi positivamente ditos recursos, acadando unha puntuación de 4.56. Os medios existentes resaltan por tanto como un dos aspectos fortes identificados.</p>	
<b>Puntos febles detectados:</b>	<b>Accións de mellora a implantar:</b>
•	•
<b>Evidencias nas que se baseou a valoración:</b>	
E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	
E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT	
E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.	
E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título	
E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia	
E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas	
<b>Indicadores nos que se baseou a valoración:</b>	
I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos	
I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas	
I11: N° de alumnado por centro de prácticas.	
I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	

**CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE**

**Estándar:** Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os resultados das enquisas de satisfacción son positivas para os colectivos estudantado e profesorado (3.75 e 4.74 respectivamente). Caen algo por debaixo de 3 no caso das persoas tituladas pero consideramos que os valores de esta enquisa de satisfacción a titulados son anormalmente baixos. De feito a satisfacción xeral de este colectivo nos anos anteriores acadou valores moi superiores (3.98, 3.48 e 4.26, respectivamente) e, en concreto, a valoración dos resultados de aprendizaxe por este colectivo no curso anterior acadou unha puntuación de 4. Por outra banda, aínda que non temos datos para avaliar o grao de satisfacción de empregadores, no Informe Final De Evaluación Para A Renovación Da Acreditación do 3 de xullo de 2019, se pon de manifesto que “Aunque no se cuenta con datos objetivos respecto a la empleabilidad de egresados, distintas evidencias recogidas durante la visita llevan a pensar que es elevada. Se aprecian vínculos importantes de la Escuela con el tejido empresarial que aportan fortalezas al título”.

En canto aos aspectos mellor valorados polo estudantado, son, ademais dos anteriormente mencionados (accesibilidade e utilidade da información sobre a titulación publicada na web, equipamento e medios materiais), a capacidade para aplicar as habilidades e destrezas adquiridas, que presenta una valoración de 4.00. Os aspectos peor valorados son a utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes, a información sobre as actividades extracurriculares e a cantidade de prácticas realizadas nas materias da titulación. Considerando que existe un apartado a páxina web do máster na que se publica toda a información das actividades extracurriculares (que tamén se fai chegar por outros medios: posters nos taboleiros, e-mails, información a os delegados de curso,...) e que nunca antes se recibiron queixas con relación a cantidade de prácticas das materias, entendemos que non é preciso plantexar ningunha acción de mellora neste aspecto (sobre todo si temos en conta tamén que o porcentaxe de participación (8,33%) é demasiado baixo).

No caso do profesorado, as valoracións son maiores, cunha mínima de 4.30 no relativo aos espazos destinados ao traballo autónomo do estudantado. A calidade e a coherencia de asignación da docencia coa capacidade do persoal son os aspectos mellor valorados (4.30) e chama a atención que a diferenza do mencionado no caso do estudantado, valoran moi positivamente (4.89) a difusión das actividades extracurriculares entre o estudantado.

Por último, as persoas tituladas son máis críticas, pero a media está por encima de 3 (3,14). Valoran moi positivamente os programas de mobilidade (4) (o cal chama a atención porque ningún estudante participou en dítos programas) e son críticos coa utilidade das prácticas, entre outros aspectos. Isto tamén parece estar en contradición ca porcentaxe de alumnos que fixeron prácticas extracurriculares (22% en el curso 2016/2017 e 33% no 2017/2018).

Respecto dos indicadores de resultados por materias, en xeral observase unha redución da taxa de rendemento, en todas as materias con respecto aos resultados de anos anteriores. Isto fai pensar que estes resultados non dependen tanto do desempeño das ensinanzas e mais das características desa promoción en particular. Mención especial merece o caso do TFM, unha materia cuxos resultados de taxas nos parecen un aspecto a mellorar.

**Puntos febles detectados:**

- Baixas taxas na presentación de TFM.

**Accións de mellora a implantar:**

- Acadar un maior compromiso do estudantado e profesorado para mellorar estas taxas en TFM.

**Evidencias nas que se se baseou la valoración:**

E4: Guías docentes das materias

E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título, titor e calificación)

E25/: Informes de cualificación por materia

EA11: Informes de prácticas

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

**CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO**

**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Analizando os datos históricos do título, os indicadores móstrannos resultados moi positivos e iso reflíctese no informe de avaliación final da renovación da acreditación do 3 de xullo de 2019, cando destaca entre os puntos fortes do título que: "Os resultados o rendemento, o abandono escolar, a eficiencia, a graduación e o éxito alcanzan valores satisfactorios, cumprindo os obxectivos establecidos na memoria do título".

También, en dicho informe se hace constar que. "La demanda del título es elevada, permite cubrir todas las plazas y justifica la existencia y sostenibilidad del título".

Por tanto, os indicadores e a súa evolución histórica mostran un bo comportamento ao longo do tempo.

A *taxa de graduación* é a que presenta historicamente unha maior oscilación, chegando a baixar do 80% algún ano. Existen varios motivos, pero principalmente radica na compatibilización, por parte do estudantado, destes estudos cunha actividade laboral que dificulta a súa gradación no mesmo curso académico na que acceden ao título.

A *taxa de abandono* sitúase en cero. Os alumnos que se matricula, asisten periodicamente as sesións e participan nas probas que se van plantexando, superan os créditos matriculados.

A *taxa de eficiencia* é elevada, 99%. Isto significa que a os estudantes se matriculan da práctica totalidade dos créditos que compoñen o título.

Finalmente, a *taxa de éxito* foi de 100% en tres dos catro últimos cursos, aínda que baixou un pouco no último curso (95%). Entendemos que estes porcentaxes elevados son debidos en gran medida ao perfil do grupo de estudantes cun alto nivel de iniciativa, proactividade e motivación, xunto coa súa boa base académica e as metodoloxías de ensino que motivan a participación e a autosuperación. Os estudantes superan a maioría dos créditos aos que se presentan. A eficacia da avaliación continua, por tanto, pode considerarse un éxito.

Los datos de inserción laboral, obtenidos en: Ministerio de Ciencia Innovación y Universidades- QUEDU: avalan, a su vez, el mantenimiento del título, fijando una tasa de afiliación del 78% en 2018.

(<https://www.educacion.gob.es/notasdecorte/insercionLaboral>)

**Puntos febles detectados:**

- 

**Accións de mellora a implantar:**

- 

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

**Indicadores:**

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I12: Evolución dos indicadores de resultados

☐ Taxa de graduación

☐ Taxa de abandono

☐ Taxa de eficiencia

☐ Taxa de rendemento

☐ Taxa de éxito

☐ Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)

I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar empresa

I010-DO: Duración media dos estudos



## IV. MODIFICACIÓNS NON SUSTANCIAIS DAS TITULACIÓNS

### Modificacións na titulación : Grao en Comercio

Incluíranse as modificacións non substanciais, que se corresponden con aqueles cambios menores que melloran a titulación e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle no “Procedemento para a solicitude de Modificacións nos Títulos Verificados de Grao e Mestrado” de ACSUG. Estas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos informes de seguimento e incorporadas na memoria do título cando se teña que someter a un proceso de modificación.

--

### Modificacións na titulación: Máster en Comercio Internacional

Incluíranse as modificacións non substanciais, que se corresponden con aqueles cambios menores que melloran a titulación e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle no “Procedemento para a solicitude de Modificacións nos Títulos Verificados de Grao e Mestrado” de ACSUG. Estas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos informes de seguimento e incorporadas na memoria do título cando se teña que someter a un proceso de modificación.

A titulación vén de solicitar e presentar o cambio de memoria para atender aos requirimentos do proceso de acreditación en canto a número de estudantes de nova preinscripción e respecto á unha maior explicación das metodoloxías non presenciais, polo que os cambios substanciais xa se recollerán nesa nova memoria a desenvolver no curso 2019-2020 e a implantar, se é aprobada, no curso 2021-2022.

Non hai modificacións non substanciais que se propoñan, senón axustes de carácter operativo.

## Modificacións na titulación : Máster en Dirección de PEMES

Incluíranse as modificacións non substanciais, que se corresponden con aqueles cambios menores que melloran a titulación e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle no “Procedemento para a solicitude de Modificacións nos Títulos Verificados de Grao e Mestrado” de ACSUG. Estas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos informes de seguimento e incorporadas na memoria do título cando se teña que someter a un proceso de modificación.

A titulación vén de solicitar e presentar o cambio de memoria para atender aos requirimentos do proceso de acreditación polo que os cambios substanciais xa se recollen nesa nova memoria recentemente aprobada (na súa versión final) na Xunta de Escola.

## V. ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORAS PROPOSTAS NO(S) INFORME(S) ANTERIOR(ES)

*\*Cada titulación deberá incorporar un seguimento das acción de mellora que puxo en marcha no curso ou /cursos anteriores. A [aplicación de xestión documental do SGC](#) permite realizar un seguimento das mesmas*

Accións de mellora *	Estado situación	Comentarios /observación
<a href="#">Ver ANEXO 11</a>		

## VI. LISTAXE DE (NOVAS) ACCIÓN(S) DE MELLORA PROPOSTAS

*\*As accións de mellora que se recollen deben ser coherentes cos resultados acadados e a análise realizada nos epígrafes anteriores. Deben incorporarse toda a información relativa ás mesmas nos formularios de fichas que se teñen habilitado na [aplicación de xestión documental do SGC](#). Poden achegarse as fichas cumprimentadas a través da mesma como anexo a este informe*

[Ver ANEXO 12](#)

## VII. CONCLUSIÓNS E ACORDOS

### I.1. Listaxe de asistentes á reunión de aprobación do informe final:

**DIRECTORA:** Consuelo Currás Valle

**SECRETARIA E COORDINADORA DE CALIDADE:** M<sup>a</sup> Jesús Barsanti Vigo

**COORDINADOR/A DA TITULACIÓN:** Emilio García Roselló

**COORDINADOR/A MÁSTER:** Pablo Cabanelas Lorenzo/Ángeles Sandoval Pérez

**ENLACE DE IGUALDADE:** Araceli González Crespán

**REPRESENTANTE DOS EGRESADOS:** Pablo Jesús Castelao Balboa

**ADMINISTRADOR DO CENTRO:** Ángel Nieto Rodríguez

Tras analizar toda a información previa relacionada co funcionamento do sistema de garantía / xestión de calidade é importante concluír que:

Conclusións relevantes	
1.	Todas as conclusións aparecen recollidas ao final de cada apartado
2.	
3.	

Así mesmo acórdase:

Acordos	
1.	Levar a cabo as accións oportunas para a mellora das tres titulacións
2.	
3.	

---

## VIII. ANEXOS

- [ANEXO 1: Comisión de calidade](#)
- [ANEXO 2: Política de calidade do centro](#)
- [ANEXO 3: Avaliación docente da titulación](#)
- [ANEXO 4: Nota media de acceso ás titulacións](#)
- [ANEXO 5: Cualificación do PDI](#)
- [ANEXO 6: Sexenios](#)
- [ANEXO 7: Profesorado por categoría](#)
- [ANEXO 8: Distribución do alumnado por centro de prácticas](#)
- [ANEXO 9: Indicadores por materia](#)
- [ANEXO 10: Informes de cualificación por materia](#)
- [ANEXO 11: Estado de situación das melloras propostas no informe anterior](#)
- [ANEXO 12: Novas accións de mellora propostas](#)

# ANEXO 1

# ANEXO 1: Comisión de Garantía de Calidade

COMISIÓN DE GARANTIA DE CALIDADE (Aprobado na Reunión da Comisión de Calidade do  
28 de xuño de 2016)

DIRECTORA	Consuelo Currás Valle
SECRETARIA E COORDINADORA DE CALIDADE	M <sup>a</sup> Jesús Barsanti Vigo
COORDINADOR DA TITULACIÓN	Emilio García Roselló
COORDINADOR/A MÁSTER	Pablo Cabanelas Lorenzo
	Ángeles Sandoval Pérez
ENLACE DE IGUALDADE	Araceli González Crespán
REPRESENTANTE DO PROFESORADO	Mar Riveiro Pérez
REPRESENTANTE DO ESTUDANTADO	Samir José Carballo Trillos
REPRESENTANTE DOS EGRESADOS	Pablo Jesús Castelao Balboa
ADMINISTRADOR DO CENTRO	Ángel Nieto Rodríguez
REPRESENTANTE DA SOCIEDADE	Manuel Sánchez

# ANEXO 2




## ANEXO 2: Política de Calidade do Centro

### Política de Calidade do Centro

A política de calidade da Escola Universitaria de Estudos Empresariais concede moita importancia á satisfacción de tódolos membros que compoñen o centro. Por iso, a política de calidade diríxese principalmente a acadar o cumprimento das expectativas formativas das súas egresadas e egresados e o seu recoñecemento nos ámbitos académicos, profesionais e sociais. Tamén busca satisfacer as demandas do profesorado no que respecta á xestión máis eficaz dos procedementos vinculados coa calidade. Para iso existe o compromiso de empregar todos os recursos humanos e materiais dispoñibles dentro do cumprimento da normativa vixente e en coherencia cos criterios e coas directrices establecidos. Así establécense as seguintes liñas xerais que constitúen a política de calidade do centro:

- Manter unha oferta formativa axustada ás demandas, necesidades e expectativas da sociedade, para consolidar altos niveis de calidade nas súas titulacións, sen renunciar aos fundamentos académicos da Universidade baseados no desenvolvemento do coñecemento do espírito crítico, da capacidade de análise e de reflexión.
- Alcanzar o recoñecemento a nivel nacional e internacional da calidade docente a través da consecución das metas asociadas a indicadores académicos con especial relevancia aqueles que se relacionan coa satisfacción dos grupos de interese.
- Facilitar a extensión da cultura da calidade e a formación continua en materia de calidade do persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos e do alumnado, fomentando a eficacia e continuidade dos sistemas e procesos a ela vinculados.
- Asegurar a implantación, desenvolvemento e seguimento tanto do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) como de todos os procesos vinculados coa calidade que afectan ao centro e aos seus titulacións.
- Asegurar unha docencia, investigación, xestión e transferencia do coñecemento con perspectiva de xénero para remover os obstáculos que impiden unha igualdade real entre as mulleres e os homes.
- Acadar o desenvolvemento e seguimento tanto do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) como de todos os procesos vinculados coa calidade que afectan ao centro e a súas titulacións.

# ANEXO 3



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

Informe:	Resultado da avaliación docente da titulación
Curso:	2018/2019
Centro:	Escola Universitaria de Estudos Empresariais
Titulación:	V06G270V01 Grao en Comercio

CENTRO: Escola Universitaria de Estudos Empresariais

TITULACIÓN: V06G270V01 - Grao en Comercio

CUESTIONARIOS POSIBLES			CUESTIONARIOS PROCESADOS				PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN		
Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Non contesta	Total	Homes	Mulleres	Total
1399	1598	2997	374	559	58	991	26.73%	34.98%	33.07%

Informe de materia (Escala de 1 a 5)

	TITULACIÓN							CENTRO			RAMA			UNIVERSIDADE		
	Cursos				Global			Titulación		Global	Titulación		Global	Titulación		Global
	1º	2º	3º	4º	Homes	Mulleres		Grao	Mestrado		Grao	Mestrado		Grao	Mestrado	
<b>1. Considero que:</b>																
1.1. - Esta materia é importante para a miña formación.	4.04	4.37	4.10	4.54	<b>4.26</b>	<b>4.30</b>	<b>4.27</b>	4.27	4.31	<b>4.28</b>	4.10	4.17	<b>4.12</b>	4.13	4.22	<b>4.15</b>
1.2. - Os créditos asignados á materia gardan proporción co volume de traballo programado para superala.	3.91	4.07	3.73	4.12	<b>4.10</b>	<b>3.95</b>	<b>3.97</b>	3.97	4.26	<b>4.03</b>	3.93	3.90	<b>3.93</b>	3.95	3.99	<b>3.95</b>
1.3. - A guía docente (ou programa) da materia está dispoñible e é accesible con facilidade.	4.20	4.38	3.92	4.76	<b>4.27</b>	<b>4.34</b>	<b>4.31</b>	4.31	4.63	<b>4.38</b>	4.26	4.27	<b>4.26</b>	4.28	4.38	<b>4.30</b>
1.4. - A guía docente (ou programa) da materia recolle os obxectivos, contidos, a metodoloxía, a bibliografía, o sistema de avaliación,... de forma comprensible e detallada.	3.95	4.22	3.62	4.45	<b>4.06</b>	<b>4.08</b>	<b>4.08</b>	4.08	4.42	<b>4.15</b>	4.10	4.07	<b>4.09</b>	4.11	4.19	<b>4.13</b>
1.5. - A coordinación entre o profesorado da materia é axeitada. (Contestar só no caso de materias impartidas por máis de un/ha profesor/a)	3.96	4.07	3.42	4.45	<b>3.88</b>	<b>3.87</b>	<b>3.95</b>	3.95	4.33	<b>4.05</b>	3.91	3.78	<b>3.89</b>	3.94	4.02	<b>3.95</b>
Global Item	4.00	4.23	3.79	4.44	<b>4.14</b>	<b>4.13</b>	<b>4.13</b>	4.13	4.39	<b>4.18</b>	4.07	4.04	<b>4.06</b>	4.09	4.17	<b>4.11</b>
<b>2. Penso que as condicións (espazo, equipamento, material, nº de alumnos/as..) nas que se desenvolve a docencia desta materia son satisfactorias no relativo a:</b>																
2.1. - Clases teóricas.	3.93	4.13	3.67	4.32	<b>4.09</b>	<b>4.02</b>	<b>4.03</b>	4.03	4.48	<b>4.12</b>	3.93	3.88	<b>3.92</b>	3.94	4.10	<b>3.97</b>
